

Macromagnitudes das Administracións Públicas COMUNICADO

INCREMENTO DO 7,5% NOS ORZAMENTOS DA XUNTA NO ANO 2003 CON RESPECTO A 2002

Os orzamentos da Xunta para 2003 ascenden a 7.510 millóns de euros

As liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia no ano 2001 ascenderon a 4.694 millóns de euros de ingresos e a 4.872 millóns de euros no apartado de gastos, o que supón un incremento con respecto ó ano 2000 do 5,6% dos ingresos e do 9,9% dos gastos. Nos ingresos, a maior partida corresponde ás transferencias correntes, que cun valor de 3.034 millóns de euros, representa o 64,6% do ingreso total. Nos gastos destacan os gastos de persoal e as transferencias correntes que aportan, respectivamente, o 27,3% e o 28,4% do gasto total liquidado no ano 2001.

En canto ós orzamentos para o ano 2003, ascenden a 7.510 millóns de euros, un 7,5% superiores ós correspondentes ó ano 2002.

O 88,3% do volume de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos galegos corresponde ó Sergas

A suma dos orzamentos do conxunto dos Organismos Autónomos de Galicia para o ano 2003 ascende a 2.627 millóns de euros, un 5,5% superior á do ano 2002. O Servizo Galego de Saúde (Sergas) é o que, cun orzamento de 2.320 millóns de euros, representa a maior parte dos ingresos e gastos deste total.

As universidades galegas prevén para o ano 2003 unhas cifras de 371 millóns de euros

Das tres universidades galegas, a de Santiago cifrou as súas previsións de gastos e ingresos para o ano 2003 en 183 millóns de euros, un 14,2% superiores ás do ano 2002, mentres que a de Vigo en 104 millóns de euros (5% superiores ás do ano anterior) e a da Coruña en 84 millóns de euros (0,1% inferiores ás do ano 2002).

A Administración do Estado en Galicia mantén os seus gastos de funcionamento en 2001 similares ós do ano 2000

Os chamados “gastos de funcionamento” dos servizos, constituídos polos gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (capítulos I e II de gastos) nos anos 2000 e 2001 para a Administración do Estado en Galicia ascenderon a 459 millóns de euros, aínda que a súa composición variou dun ano para o outro; mentres que se incrementan os gastos de persoal nun 3,7% no ano 2001, os gastos en bens e servizos pasan de 94 millóns de euros en 2000 a 80 millóns de euros en 2001.

Nas cifras da Administración Local, os concellos constitúen o 79% dos orzamentos e as deputacións provinciais o 21% restante

As cifras dos orzamentos das Administracións Locais en Galicia revelan que dos 1.765 millóns de euros orzamentados para o ano 2001, o 79,2% (1.397 millóns de euros) corresponden ós orzamentos dos concellos e 368 millóns de euros ás deputacións provinciais. Na comparación anual, incrementouse o orzamento local nun 5,7% con respecto ó ano 2000.

En canto ós resultados das liquidacións de orzamentos do ano 2000, a Administración local en Galicia presenta superávit, con 1.692 millóns de euros no apartado de ingresos fronte ós 1.624 millóns de euros nos gastos. Este superávit se presenta tanto nos concellos (con 1.315 millóns de euros de ingresos e 1.269 millóns de euros de gastos) como nas Deputacións (377 millóns de euros de ingresos e 355 millóns de euros de gastos).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es